

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 12 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de decembro de 2007, pola que se aprobaron as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2008 e 2009 de programas experimentais en materia de emprego (Diario Oficial de Galicia número 9, do 14 de xaneiro de 2008).*

O artigo 11.10º da orde reguladora dispón: as resolucións de concesión serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

**RESOLVO**

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas con cargo as aplicacións orzamentarias 16.03.322B.481.0 e 16.03.322B.460.0 «Programas experimentais de emprego», ao abeiro da Orde do 5 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2008 e 2009 de programas experimentais en materia de emprego.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2008.

Pastor Fuenteseca Díaz  
Director xeral de Formación e Colocación

**ANEXO I**

Aplicación orzamentaria 16,03,322B,481,0  
Subvención concedida

Entidades beneficiarias	Puntuación	2008	2009
Asociación empresarios de Mos	84	78.939,13 €	27.860,87 €
UGT- Galicia	82	219.373,91 €	77.426,09 €
Fundación Altedia Creade	81	179.165,22 €	63.234,78 €
Acción Laboral	80	176.504,35 €	62.295,65 €
Federación Metal Construción Afíns MCA-UGT Galicia	80	172.513,04 €	60.886,96 €
Confederación Galega de Persoas con Discapacidade COGAMI	79	84.260,87 €	29.739,13 €
Fundación Moa Vigo	79	84.260,87 €	29.739,13 €
Confederación Intersindical Galega CIG Mariña Lucense	79	81.822,22 €	23.377,78 €
Confederación de Empresarios de Lugo	78	60.822,22 €	17.377,78 €
Federación de Asoc. de Familiares e Enf. Mentais FEAFES GALICIA	78	32.373,91 €	11.426,09 €
Fundación Down Compostela	78	5.000,00 €	
Down Xuntos	77	3.104,35 €	1.095,65 €
Down Vigo	76	9.177,78 €	2.622,22 €
Federación de Comercio, Hostalaría e Xogo UGT	76	196.904,35 €	69.495,65 €
Aplicación orzamentaria 16,03,322B,460,0			
Concello de Culleredo	82	134.817,39 €	47.582,61 €
Concello das Pontes de García Rodríguez	82	160.539,13 €	56.660,87 €
Concello de Cerceda	79	90.173,91 €	31.826,09 €
Concello de Tomiño	76	62-826,09 €	22.173,91 €
Concello de Fene	74	78.347,83 €	27.652,17 €
Concello de Viveiro	73	72.139,13 €	25.460,87 €

**CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

*Orde do 27 de maio de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.*

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, establece os requisitos, procedementos e incentivos para unha rehabilitación e renovación de calidade das vivendas e edificios, tanto no medio rural como nos conxuntos históricos de Galicia. No citado decreto establécese, ademais, que as subvencións recollidas nel se regularán por ordes anuais de convocatoria.

A disposición derradeira primeira do citado Decreto 157/2006, do 7 de setembro, outórgalle á conselleira de Vivenda e Solo, no marco das súas competencias, a potestade de ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a súa aplicación.

A Orde do 13 de decembro de 2006 regula o procedemento de obtención, as actuacións previstas, os requisitos exixidos e canto for necesario para a obtención da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, que constitúe un requisito necesario da vivenda para ser beneficiario das subvencións en materia de rehabilitación e renovación.

Esta orde aproba as bases reguladoras das subvencións, con vixencia indefinida, convoca as subvencións para o exercicio económico 2008, detalla o procedemento, establece o prazo de presentación de solicitudes de subvencións, indica o seu importe máximo e a partida orzamentaria en que figuran os créditos que amparan esta orde.

En virtude do exposto anteriormente, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, e desenvolvida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e o Decreto 505/2005, do 22 de setembro,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que terán vixencia indefinida, e abrir a convocatoria no exercicio económico de 2008, nun procedemento de concorrencia non competitiva, das subvencións a fondo perdido para as persoas promotoras de actuacións de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, de acordo co establecido no artigo 4º do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, publicado no DOG nº 181, do 19 de setembro, modificado polo Decreto 90/2008, do 24 de abril, publicado no DOG nº 91, do 13 de maio.

CAPÍTULO I  
BASES REGULADORAS

Artigo 2º.-*Actuacións.*

Serán subvencionables aquelas actuacións de rehabilitación ou renovación de vivendas unifamiliares rurais e edificios ou vivendas en núcleos históricos reguladas no artigo 5º da Orde do 13 de decembro de 2006 e que figuran na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Artigo 3º.-*Requisitos das vivendas.*

1. De acordo co establecido no artigo 6º do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, modificado polo Decreto 90/2008, do 24 de abril, as vivendas e locais deberán estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

2. Enténdese que tamén cumpren este requisito as vivendas que xa estean en posesión da cédula de rehabilitación de calidade.

Artigo 4º.-*Axudas de minimis.*

Cando as persoas beneficiarias sexan empresas, terase en conta o establecido no artigo 2º do Regulamento 1998/2006, da Comisión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* do día 28 de decembro de 2006.

Quedarán excluídas das axudas desta orde aquelas empresas referidas no artigo 1 do citado regulamento.

Artigo 5º.-*Ingresos familiares.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 5º do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, por ingresos familiares enténdese a contía resultante segundo o cálculo que se estableza na correspondente orde de convocatoria en referencia á declaración da renda, que estará expresada en número de veces o IPREM, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

2. Por ingresos familiares ponderados, os resultados de lles aplicar aos ingresos familiares o seguinte coeficiente multiplicador de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias de 1 membro: 1.

Familias de 2 membros: 0,95.

Familias de 3-4 membros: 0,90.

Familias de 5-6 membros: 0,85.

Familias de máis de 6 membros: 0,80.

3. Por unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar.

4. No caso dos galegos e galegas residentes no estranxeiro, os ingresos na moeda propia do país no que se obteñan calcularanse en función do seu contravalor en euros, aplicando o primeiro cambio oficial fixado para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ao que se refiran os ingresos.

Artigo 6º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para estas axudas presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo que correspondan por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, axustándose aos modelos que figuran no anexo desta orde.

2. Os documentos que se deben achegaren coa solicitude son os seguintes:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou do NIF do solicitante.

b) Fotocopia da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade ou fotocopia da cédula de rehabilitación de calidade se xa a ten.

c) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para as actuacións obxecto desta solicitude, das administracións públicas ou doutros entes públicos.

d) No caso de que as persoas beneficiarias sexan empresas, de acordo co referido no artigo 4º desta orde, deberán xuntar unha declaración de que a axuda global *de minimis* que tivese recibido non supera os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais de acordo co establecido no artigo 3.2º c) do Regulamento 1998/2006, da Comisión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*; así como unha declaración de que non están excluídas do seu ámbito de aplicación segundo o artigo 1 do citado regulamento.

e) Nas solicitudes para vivenda unifamiliar no ámbito rural:

-Autorización á Consellería de Vivenda e Solo para solicitar, por vía telemática, as acreditacións relativas a ingresos e débedas, ou fotocopia compulsada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á data de solicitude, e certificado das rendas expedido nos termos do Real decreto 3/2004, do 5 de marzo, pola Axencia Estatal Tributaria, correspondentes ao conxunto dos membros da unidade familiar.

-No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

Se ten presentado o modelo de solicitude de devolución 104-105, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no devandito exercicio e, se é o caso, certificado de pensións, ou prestacións periódicas, certificado do Inem, e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

-No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

-Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable, e copia cotexada do libro de familia.

3. Así mesmo, os membros da unidade familiar e os solicitantes adicionais deberán acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non teñen pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Consonte co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a solicitude de subvencións comportará a autorización para que a Consellería de Vivenda e Solo obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, a comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

4. As citadas solicitudes deberán conter os datos da persoa solicitante adicional, entendendo por tal aquela persoa que sexa cotitular sobre os dereitos de propiedade, usufruto ou arrendamento, sen asignación concreta de cotas, como pode ser o caso de sociedades de gananciais ou comunidades de herdeiros nas que concorran as citadas circunstancias.

#### Artigo 7º.-*Galegos residentes no exterior.*

As solicitudes asinadas polos galegos residentes no exterior da comunidade autónoma poderán presentarse nas entidades galegas dos lugares de residencia que teñan recoñecida a galeguidade ou estean consideradas como colaboradoras, as cales deberán remitilas, en todo caso, á Secretaría Xeral de Emigración.

Esta secretaría xeral remitirá as solicitudes á delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda en función da localización da vivenda.

Será preceptivo o informe da Secretaría Xeral de Emigración para toda solicitude presentada polos galegos e galegas residentes no exterior.

#### Artigo 8º.-*Procedemento de resolución das subvencións.*

1. Á vista da solicitude das subvencións, da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas o/a delegado/a provincial da Consellería de Vivenda e Solo elevará a proposta de resolución da subvención á persoa titular da Consellería de Vivenda e Solo.

O expediente de concesión conterà o informe do órgano instrutor en que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

2. A persoa titular da Consellería de Vivenda e Solo, á vista da proposta, e tendo en conta os recursos económicos dispoñibles resolverá o que, segundo dereito, proceda.

3. Será motivo de denegación da subvención non cumprir algún dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

4. Serán, así mesmo, obxecto de denegación as propostas de concesión que queden sen asignación de recursos por esgotamento dos previstos na orde de convocatoria.

O criterio que, de ser o caso, se utilizará para os efectos de determinar respecto a qué expedientes se esgota o crédito é o recollido no artigo 74.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez esgotados os créditos procederase á correspondente publicación no DOG da citada circunstancia e á inadmisión das posteriores solicitudes.

5. A resolución da conselleira pon fin á vía administrativa, e é susceptible do recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Vivenda e Solo, no prazo dun mes, ou ben de recurso contencioso-administrativo, directamente ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses.

#### Artigo 9º.-*Pagamento da subvención.*

1. O delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo, á vista da documentación presentada, e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, elevará a proposta de pagamento á conselleira de Vivenda e Solo ou persoa en quen delegue.

2. O pagamento da subvención terá lugar:

a) No caso de estar xa en posesión da cédula de rehabilitación de calidade, o 100% logo da concesión da subvención.

b) No caso de estar só en posesión da resolución de conformidade:

-Con carácter xeral, ata o 50% logo da xustificación por parte do promotor beneficiario da execución das obras que correspondan, cando menos, ao 50% do orzamento protexido que figure na resolución de

concesión, xuntando fotografías que mostren as obras realizadas e achegando facturas, certificacións de obras ou calquera outro documento similar xustificativo da utilización dos fondos.

Excepcionalmente, poderá aboarse un anticipo de ata 50% da anualidade, para o caso en que o investimento exixa pagamentos inmediatos. O citado anticipo deberá ser solicitado expresamente pola persoa beneficiaria, quen motivará a mencionada necesidade. Unha vez revisada a solicitude de pagamento anticipado, a persoa titular da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo fará a proposta de concesión ou denegación á conselleira de Vivenda e Solo, que resolverá motivadamente.

Para a citada solicitude empregárase o modelo do anexo II desta orde.

-A cantidade restante logo da obtención da cédula de rehabilitación de calidade en función do orzamento executado que figure nesta cédula.

-O pagamento, no exercicio orzamentario corrente, das porcentaxes recollidas neste artigo 2º b), estará condicionado ás cantidades que se comprometan para cada anualidade en función do prazo de execución das obras previsto na resolución de conformidade. O importe da subvención, repartido nas citadas anualidades, figura como anexo á resolución de concesión da subvención. No caso de que non haxa dispoñibilidade suficiente, na anualidade do exercicio corrente, para a totalidade do importe xustificado o seu pagamento completárase na anualidade do exercicio futuro.

3. Non poderá realiciarse o pagamento da subvención en canto a persoa beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por procedemento de reintegro.

4. A persoa beneficiaria deberá achegar un certificado da entidade bancaria de ter aberto ao seu nome unha conta na que desexa que se lle realice o pagamento.

5. Antes do derradeiro pagamento, a persoa beneficiaria deberá achegar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, de acordo co establecido no artigo 15.2º.4 do Decreto 287/2000.

#### Artigo 10º.-*Perda da subvención.*

Será motivo de perda do dereito á subvención e ao seu pagamento a non obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

A conselleira de Vivenda e Solo, ou persoa en quen delegue, logo de proposta realiciada polos delegados provinciais, ditará resolución expresa, debidamente motivada, na que figure o motivo da perda do dereito á subvención e ao pagamento comunicándolle ao interesado a obriga de devolver as cantidades anteriormente percibidas en concepto de subvención.

A resolución da conselleira pon fin á vía administrativa, é susceptible do recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Vivenda e Solo, no prazo dun mes, ou ben de recurso contencioso-administrativo, directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses.

#### Artigo 11º.-*Prazo de resolución.*

O prazo para resolver fíxase en tres meses, contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro correspondente. Vencido o prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase a resolución, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

#### Artigo 12º.-*Rexistro de axudas e subvencións e publicidade.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Os datos de carácter persoal relacionados coa solicitude, e solicitados no correspondente impreso de solicitude de subvención integráranse nun programa informático de carácter permanente, a disposición da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, para os únicos efectos de tramitación da solicitude, extracción de informes estatísticos e o cumprimento das obrigas recollidas neste artigo. A negativa a cubrir calquera dos datos solicitados no impreso de solicitude supoñerá a imposibilidade de continuar a tramitación da solicitude.

#### Artigo 13º.-*Facultade de inspección.*

1. Desde o momento da presentación da solicitude poderanse realiciar todas as inspeccións ou comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados, ou o destino da subvención concedida.

2. As persoas beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 14º.-*Reintegro e modificación da subvención.*

1. O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención, ou a concorrencia de calquera das causas de reintegro determinadas polo artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, suporá ademais das sancións que puidesen corresponder, a obriga do reintegro por parte do beneficiario dos recursos achegados pola Consellería de Vivenda e Solo incrementados co xuro legal correspondente desde o seu aboamento, de acordo co procedemento establecido no capítulo I do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As modificacións autorizadas do proxecto que serviu de base á resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade producidas durante a execución das obras e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión das axudas.

#### CAPÍTULO II

#### CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO 2008

Artigo 15º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición e rematará o 30 de setembro de 2008.

Artigo 16º.-*Importe máximo e dotación orzamentaria.*

Para os efectos do determinado no artigo 4 do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, o importe máximo das subvencións para vivenda unifamiliar en ámbito rural será de 4.850.000 euros, e instrumentaranse financeiramente a través do crédito que figura consignado na aplicación 17.02.451A.780.0 do orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo para o ano 2008, 4.850.000 € con cargo aos orzamentos de 2009 e 3.500.000 € con cargo aos orzamentos de 2010.

O importe máximo das subvencións en conxuntos históricos, para familias e institucións sen fin de lucro será de 2.050.000 de euros, na aplicación 17.02.451A.780.2 do orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo para o ano 2008, 1.800.000 € con cargo aos orzamentos de 2009 e 1.600.000 € con cargo aos orzamentos de 2010, e para empresas privadas será de 250.000 euros na aplicación 17.02.451A.770.0 do orzamento de gastos da Consellería de Vivenda e Solo para o ano 2008, 280.000 € con cargo aos orzamentos de 2009 e 240.000 € con cargo aos orzamentos de 2010.

Artigo 17º.-*Cómputo dos ingresos familiares na convocatoria de 2008.*

1. Para as solicitudes presentadas antes da finalización do prazo de presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspon-

dente ao período impositivo 2007, computaranse os ingresos da parte xeral e especial da renda reguladas nos artigos 39, 40 e 51, respectivamente, do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación vencido, á solicitude da subvención.

2. Para as solicitudes presentadas despois da finalización do prazo de presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao período impositivo 2007, computaranse os ingresos da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, incrementada, se é o caso, no importe que resulte do establecido no artigo 20, números 2º e 3º, da citada lei, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación vencido, á solicitude da subvención.

Estes ingresos acreditaranse mediante a documentación que figura no artigo 7.2º d) desta disposición.

Artigo 18º.-*Importes máximos das subvencións.*

En relación á porcentaxe do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, establecidas no artigo 7º do Decreto 157/2006, do 7 de setembro, as subvencións non poderán superar as seguintes cantidades máximas:

1. Nos casos de rehabilitación en ámbito rural ou en conxuntos históricos, o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 24.000 euros.

2. Nos casos de renovación en ámbito rural ou en conxuntos históricos, o 50% do orzamento que figure na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade, sen superar a cantidade de 30.000 euros.

#### *Disposición derogatoria*

Queda derogada a Orde do 12 de xuño de 2007, pola que se convocan subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo


**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO  
 Dirección xeral de Fomento e Calidade da  
 Vivenda

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DE CALIDADE DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CONXUNTOS HISTÓRICOS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI408B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	INGRESOS FAMILIARES (NO CASO DE ÁMBITO RURAL)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
		NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	
		<input type="text"/>	

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE ADICIONAL**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E na súa representación:**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PARROQUIA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DATOS DA VIVENDA OU LOCAL OBXECTO DA ACTUACIÓN**

SITUACIÓN (RÚA, PRAZA)		PARROQUIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**SOLICITA:** a concesión dos beneficios previstos para as actuacións en:

- Ámbito rural  
 Conxunto ou núcleo histórico  
 Vivenda unifamiliar en ámbito rural que estea nun conxunto ou núcleo histórico

**DESTINO DA VIVENDA**

- Uso propio  
 Aluguer

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas, e DECLARA que reúne as condicións necesarias para acceder a elas e que todos os datos que figuran neste impreso son certos.

 De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Consellería de Vivenda e Solo publicará no *Diario Oficial de Galicia*, e na súa páxina web oficial, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao amparo deste decreto; e incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia, Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade.*

*Orde do 27 de maio de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.*

SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- a) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DO NIF DO SOLICITANTE.
- b) FOTOCOPIA DA RESOLUCIÓN DE CONFORMIDADE COAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS PARA A OBTENCIÓN DA CÉDULA DE REHABILITACIÓN DE CALIDADE OU FOTOCOPIA DA CÉDULA DE REHABILITACIÓN DE CALIDADE SE XA A TEN.
- c) DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA AS ACTUACIÓNS OBXECTO DESTA SOLICITUDE, DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DOUTROS ENTES PÚBLICOS.
- d) NO CASO DE QUE AS PERSOAS BENEFICIARIAS SEXAN EMPRESAS, DE ACORDO AO REFERIDO NO ARTIGO 4º DESTA ORDE, DEBERÁN XUNTAR UNHA DECLARACIÓN DE QUE A AXUDA GLOBAL *DE MINIMIS* QUE TIVESE RECIBIDO NON SUPERA OS 200.000 EUROS DURANTE CALQUERA PERÍODO DE TRES EXERCICIOS FISCAIS DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 3.2º C DO REGULAMENTO 1998/2006, DA COMISIÓN EUROPEA, DO 15 DE DECEMBRO, RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 87 E 88 DO TRATADO ÁS AXUDAS *DE MINIMIS*. ASÍ COMO DE QUE NON ESTÁN EXCLUÍDAS DO SEU ÁMBITO DE APLICACIÓN SEGUNDO O ARTIGO 1º DO CITADO REGULAMENTO.
- e) NAS SOLICITUDES PARA VIVENDA UNIFAMILIAR NO ÁMBITO RURAL:

- Autorización á Consellería de Vivenda e Solo para solicitar, por vía telemática, as acreditacións relativas a ingresos e débedas, ou fotocopia compulsada da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á data de solicitude, e certificado das rendas expedido nos termos do Real decreto 3/2004, do 5 de marzo, pola Axencia Estatal Tributaria, correspondentes ao conxunto dos membros da unidade familiar.

- No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF:

Se ten presentado o modelo de solicitude de devolución 104-105, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Para os que non presentasen o citado modelo de devolución, declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas que estivese de alta no devandito exercicio e, se é o caso, certificado de pensións, ou prestacións periódicas, certificado do Inem, e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

- No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servizos, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

- Acreditación da composición da unidade familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable, e copia cotexada do libro de familia.

DEBERÁN, ASÍ MESMO, ACREDITAR QUE SE ATOPAN AO DÍA DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTÓNOMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL E QUE NON TEN PENDENTE NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.  
CONFORME O ESTABLECIDO NO ARTIGO 20.3º DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA, A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN POLA PERSOA INTERESADA COMPORTARÁ A AUTORIZACIÓN PARA QUE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO OBTENGA DE FORMA DIRECTA A ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, A COMUNIDADE AUTÓNOMA E COA SEGURIDADE SOCIAL, A TRAVÉS DE CERTIFICADOS TELEMÁTICOS.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DAS SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO PARA REHABILITACIÓN OU RENOVACIÓN DE CALIDADE DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN ÁMBITO RURAL E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR, POR VÍA TELEMÁTICA, AS ACREDITACIÓNS RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS\***

Declaro/declaramos que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito.

En aplicación do artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso ao que se xunta este documento, os asimantes autorizamos, a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións.

A Consellería de Vivenda e Solo tramitadora do expediente de solicitude de axudas poderá solicitar, á vista desta declaración, calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTE OU PARENTESCO (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	ESTADO CIVIL (3)	PERSOA CON DISCAPACIDADE (4)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (5) (SI/NON)	SINATURA DO QUE AUTORIZA: (6)

\* A unidade familiar, tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF, está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os fillos menores que con el ou ela convivan, así como os fillos maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

(1) Son solicitantes as persoas promotoras das actuacións de rehabilitación ou renovación da vivenda. **EXEMPLO PARA CUBRIR O IMPRESO:** solicitante, cónxuxe ou membro da parella e fillo.

(2) Deberán presentarse as fotocopias dos DNI/NIF dos componentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios.

(3) S (Solteiro/a), C (Casado/a), V (Viúvo/a), D (Divorciado/a), SL (Separado/a legalmente), PF (Parella de feito legalmente recoñecida).

(4) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.2º da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.

(5) Neste caso teranse que acreditar os ingresos autenticados pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

(6) A sinatura implica que se autoriza a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita.

Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido a Consellería de Vivenda e Solo. Para os menores considerárase a autorización no caso de que asinen os seus representantes legais.

Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.

de de





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO  
Dirección xeral de Fomento e Calidade da  
Vivenda

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIONS A FONDO PERDIDO PARA A REHABILITACION E RENOVACION DE CALIDADE DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CONXUNTOS HISTORICOS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI408B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE ANTICIPO</b>
--	---	--

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO	PARROQUIA	PROVINCIA	
[ ]	[ ]	[ ]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

**E na súa representación:**

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO	PARROQUIA		
[ ]	[ ]		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

<b>DATA DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DA CALIDADE:</b>	[ ]
--	-----

De acordo co establecido no artigo 8 da Orde do \_\_\_\_\_ de convocatoria de subvencións para a rehabilitación de calidade vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, solicito un anticipo excepcional do pagamento de [ ] €, que non supera o 50% da anualidade para o ano [ ] da subvención concedida.

A miña solicitude de anticipo excepcional está motivada na necesidade de facer pagamentos inmediatos polas seguintes causas:

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia, Orde do 13 de decembro de 2006 pola que se regula a cédula de rehabilitación de calidade.</i>  <i>Orde do 27 de maio de 2008 pola que se convocan as subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.</i>
SINATURA DAS PERSOAS SOLICITANTES OU PERSOA QUE AS REPRESENTA  _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA
		___/___/___

Delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en [ ]